

Resolución do tribunal designado pola Resolución do 17 de marzo de 2023 (DOG número 61 do 28 de marzo) pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna previsto no artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado mediante a Orde do 1 de febreiro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 28, do 9 de febreiro).

En sesión que tivo lugar o 13 de abril de 2023, o tribunal designado pola Resolución do 17 de marzo de 2023 (DOG número 61 do 28 de marzo) pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna previsto no artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado mediante a Orde do 1 de febreiro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 28, do 9 de febreiro).acordou:

-Que a primeira proba do proceso selectivo, correspondente á proba tipo test, levarase a cabo o día 8 de maio de 2023, ás 10:30, na Aula 5 da Academia Galega de Seguridade Pública, sita na Avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra.

A proba consistirá en contestar por escrito nun período máximo de 2 horas 120 preguntas tipo test máis 10 de reserva, determinadas polo tribunal, relacionadas cos temas comprendidos no anexo IV da presente convocatoria. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixido para alcanzar a puntuación mínima.

A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/12$, onde N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas falladas ou non respondidas.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa entidade, ao xuízo do tribunal, bolígrafo azul e lapis número 2.

Non se permitirá a presenza de acompañantes e o persoal aspirante deberá seguir as indicacións e resolucións do tribunal, que son públicas a través da páxina web da Agasp.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.



No caso de que algunha persoa tivese que realizar a segunda proba do proceso, proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, por non estar exenta da súa realización, esta proba realizaríase inmediatamente a continuación da primeira proba.

-Que a terceira proba do proceso, consistente na realización dun caso práctico e a súa posterior lectura ante o tribunal, desenvolverase o día 19 de maio de 2023, na Aula da Academia Galega de Seguridade Pública, sita na Avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra.

Segundo o establecido no punto 7.8 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, 13 de abril de 2023

A presidenta do tribunal

Paula Cajaraville Leiro

